

Diplomacia de garrote

Description

A controvertida “operación castigo” a través de bombardeos selectivos en Siria realizado o pasado 15 de abril, impulsada por EUA, Gran Bretaña e Francia, xunto ás revelacións de negociacións secretas entre o Secretario de Estado Mike Pompeo co líder norcoreano Kim Jong un, manifesta a confusa política de “pau e cenoria” que o presidente Donald Trump ten a man en Siria e Corea do Norte. O obxectivo estratéxico programado por Trump en ambos escenarios revela a intención de conter a posibilidade de que as súas dous principais rivais, Rusia e China, gañen posicións no taboleiro xeopolítico global.

A controvertida “operación castigo” a través de bombardeos selectivos en Siria realizado o pasado 15 de abril, impulsada por EUA, Gran Bretaña e Francia, xunto ás revelacións de negociacións secretas entre o Secretario de Estado Mike Pompeo co líder norcoreano Kim Jong un, manifesta a confusa política de “pau e cenoria” que o presidente Donald Trump ten a man en Siria e Corea do Norte. O obxectivo estratéxico programado por Trump en ambos escenarios revela a intención de conter a posibilidade de que as súas dous principais rivais, Rusia e China, gañen posicións no taboleiro xeopolítico global.

Precisamente un ano despois do seu primeiro bombardeo “selectivo” en Siria, Trump volveu golpear contra obxectivos do réxime de Bashar al Asad. No entanto, esta vez fíxoo co apoio directo de Gran Bretaña e Francia, así como da OTAN, nunha rápida operación de bombardeos de hora e media de duración, orientados a destruír presuntos arsenais químicos en Damasco.

A inevitable crise diplomática suscitada con este bombardeo, principalmente ante as protestas rusas, non se fixeron agardar. Como sucedese con anterioridade, Washington desestimou o recurso de elevar a operación en Siria ao Consello de Seguridade da ONU, sabendo de antemán que Moscova e Beijing utilizarían o recurso do veto para bloquear a operación castigo contra o réxime sirio.

Días antes do bombardeo, Trump xa advertira de que utilizaría a forza contra o réxime sirio, a tenor do escándalo internacional suscitado pola presunta utilización de armamento químico no asalto da localidade siria de Guta Oriental fai dúas semanas, e que provocou case 100 mortos. As imaxes de nenos afectados polo ataque atribuído a forzas leais ao réxime de al Asad, cobraron especial indignación en Washington.

Romper a balanza en Siria

O complexo labirinto de alianzas en Siria reactivouse tralo ataque de Guta e, principalmente, co selectivo bombardeo de EEUU, Gran Bretaña e Francia. Toda vez o réxime sirio depende internacionalmente do apoio de Rusia e Irán, así como do tácito respaldo chinés, Trump viña trazando claramente un eixe xeopolítico alternativo en torno a Arabia Saudita, Exipto, Emiratos Árabes Unidos e Israel, coa finalidade de contrarrestar a alianza deseñada polo presidente ruso Vladimir Putin a través do acordo de Sochi de novembro pasado, e que incluía a Irán, Turquía e Qatar.

Este eixe trazado desde Moscova buscaba dar un xiro radical ao conflito sirio favorecendo o mantemento no poder do réxime de Bashar al Asad. A este eixe de Sochi úneselle indirectamente o movemento islamita libanés Hizbulá, tradicional aliado iraniano e con posicións marcadas dentro do conflito sirio.

A esfera de influencia rusa en Siria supoñía para Washington e os seus aliados a posibilidade de que Moscova exercese con maior amplitude unha escala de influencia xeopolítica en Oriente Próximo. De alí que o bombardeo decretado por Trump o pasado 15 de abril fose máis ben un aviso persuasivo dirixido a Moscova, toda vez que ao réxime sirio. Este ataque ocorreu horas antes de que os inspectores da ONU chegasen a Damasco para verificar os supostos arsenais químicos en mans do réxime de al Asad, un aspecto que foi analizado en Washington como a posibilidade dunha presunta manipulación das probas por parte de Siria.

Aínda que Trump non semella persuadido a proseguir os bombardeos en Siria, moi probablemente consciente das advertencias de Putin de reaccionar para impedir os mesmos, o contexto xeopolítico en Siria e Oriente Próximo parece anunciar un regreso de Washington como actor decisivo na rexión. A presenza rusa e a posibilidade de que Irán incremente o seu nivel de influencia rexional supoñen preocupacións estratéxicas para Washington e os seus aliados, principalmente Israel e Arabia Saudita.

Ó mesmo tempo, Trump quere influír no final do drama sirio. En Washington se especula con que o seu presidente tramita un prazo máximo de seis meses para retirar os 2.000 efectivos militares estadounidenses apostados en Siria para axudar ás forzas rebeldes a derrotar definitivamente ao ISIS. Fontes occidentais estiman que o ISIS aínda mantén unha considerable forza de combatentes, estimada entre 5.000 e 15.000 xihadistas. O obxectivo semella mais ben focalizar nunha eventual retirada que permita a Washington deixar o futuro sirio en mans dos seus aliados rexionais.

Pero o contexto sirio ten un interese xeopolítico adicional. Siria é terreo de paso dunha rede de oleodutos e de gasodutos que desde o Mar Caspio e Iraq transitarán cara ao Mar Mediterráneo ata Europa. Do mesmo xeito, o flamante proxecto de desenvolvemento impulsado por China a través da Nova Ruta da Seda ten a Siria como punto chave da ruta terrestre desde Asia Central ata Europa.

Paralelamente, Beijing e Moscova tamén ansían converterse nos principais socios da reconstrución siria trala guerra, razón pola que manter en pé ao réxime de al Asad é un imperativo xeopolítico para os seus intereses. Un interese do que non son alleos Occidente ou as “petromonarquías” do Golfo Pérsico. Por tanto, control deste vasto territorio entre Siria e Iraq é estratéxico para as pretensións de Occidente, Rusia e China por ter a man esferas territoriais de influencia por onde pasar as redes enerxéticas e, no caso chinés, as da Ruta da Seda. Consecuentemente, Arabia Saudita, Exipto e Israel igualmente teñen interese en tomar posición na reconstrución siria, afastando así a aliados de Moscova como Irán, Turquía e Qatar.

O inesperado apoio turco ao recente bombardeo de Trump en Siria así como o feito de que Alemaña non participe no eixe de ataque liderado por EUA con Gran Bretaña e Francia, son os outros dous factores que alteran notablemente o eixe de posicións contrapostas no conflito sirio.

Turquía, membro da OTAN, vén manifestando recentemente o seu apoio ao eixe euroasiático trazado por Putin con Irán e China. No entanto, Ankara ten fortes enfrontamentos co réxime sirio desde que comezou a guerra en 2011. Turquía ten efectivos militares en Siria trala súa invasión en xaneiro pasado da localidade de Afrin. O seu obxectivo é conter a posibilidade de crearse un corredor kurdo en torno a Siria e Iraq, que teña repercusións entre os kurdos que viven en Turquía.

Mentres a atención mundial estaba enfocada nos bombardeos en Damasco, o presidente turco Recep Tayyip Erdogan anunciou o adiamento de eleccións presidenciais e lexislativas para o próximo 24 de xuño, cando estaban inicialmente pautadas para novembro de 2019. Este adiamento busca consolidar canto antes o crecente poder autoritario de Erdogan asegurando un novo mandato para o seu partido AKP, toda vez este escenario anunciaría unha súbita transformación do panorama político turco.

Pola súa banda, o caso alemán é significativo. Non se sabe se a chanceler alemá Ángela Merkel foi avisada do ataque en Siria, pero en todo caso o eixe Washington-Londres-París semella claramente afastar a Berlín do xogo de intereses non só en Siria senón nas relacións ruso-occidentais. Este escenario tamén suscita posibles fracturas internas no seo dunha Unión Europea politicamente bloqueada e pendente do Brexit pautado para o 2019.

Malia varios roces diplomáticos, Merkel é un actor chave nas relacións entre Europa e Rusia. Participa como garante do incerto proceso de negociación do conflito no Donbass, ao leste de Ucraína, a través do Protocolo de Minsk. Os acordos enerxéticos de rutas de oleodutos e gasodutos dende Rusia cara Europa dependen igualmente dos contactos entre Berlín e Moscova. Por iso, o bombardeo sirio de Trump a semana pasada parece exercer un efecto persuasivo en Merkel, que quedou subitamente “fora de xogo”.

Este sinuoso xogo de intereses xeopolíticos en torno a Siria viuse reactivado (e dalgún xeito alterado) tralo bombardeo decretado por Trump. O aviso anterior aos bombardeos lanzado contra o Kremlin persuadiu a Putin de retirar unha das súas fragatas no Mediterráneo horas antes do ataque. Pero o contexto actual non semella alterar o equilibrio de forzas en Siria, o cal advirte que Washington e Moscova seguirán exercendo de epicentros de activación destes eixes contrapostos.

O camiño de Pyongyang

Con Siria na recámara, esta semana revelouse a sorprendente noticia de que o secretario de Estado da Administración Trump, o ex director da CIA Mike Pompeo, reuniuse en segredo en Pyongyang a finais de marzo co líder norcoreano Kim Jong un.

Se o bombardeo en Siria xa supón un factor esóxeno que altera o conflito nese país, este histórico encontro entre Pompeo e Kim Jong un alteraría radicalmente o equilibrio xeopolítico en torno ao conflito na península coreana.

A finais de marzo, Kim Jong un visitou Beijing, unha inesperada saída do país dun líder norcoreano tradicionalmente coñecido polo seu proverbial illamento e hermetismo. Pero o encontro con Pompeo vai moito máis alá, xa que non só suscita a posibilidade de desnuclearización do conflito coreano senón unha posible fiestra de apertura nas relacións entre Washington e Pyongyang.

Por tanto, se o bombardeo de Trump en Siria foi claramente unha advertencia para Moscú, o encontro entre Pompeo e Kim o é claramente dirixido contra Beijing. China é a única fiestra exterior con garantías que ten o hermético réxime norcoreano. A visita de Kim a Beijing moi probablemente persuadiu a Washington a manifestar un golpe de efecto inmediato na crise coreana.

Trump cualificou este encontro de “positivo” e que “forxou unha boa relación”. Xa con anterioridade, o polémico mandatario estadounidense declarara a súa intención de reunirse co controvertido Kim Jong un. En todo caso, a diplomacia secreta de Trump vía Pompeo propiciou un primeiro paso que pode resultar estratéxico para Washington.

Os contactos entre Washington e Pyongyang xa tiñan un antecedente. En 2000, a entón secretaria de Estado Madeleine Albright reuniuse co pai de Kim Jong un, o falecido líder Kim Jong Il, no que foi cualificado como un desexo que finalmente non puido concretarse.

O encontro entre Pompeo e Kim Jong un tamén semella indicar un xiro inesperado na crise coreana, principalmente ante os recentes cambios na Casa Branca. As respectivas destitucións do ex secretario de Estado Rex Tillerson e do conselleiro de Seguridade Nacional, Herbert McMaster, por Pompeo e John Bolton, presaxian maior tensión con respecto a Corea do Norte. Pompeo e Bolton son firmes partidarios da “liña dura” e incluso de ataques “selectivos” contra instalacións nucleares norcoreanas.

Está por ver se a viaxe de Pompeo a Pyongyang pode abrir a posibilidade dun histórico cumio entre Trump e Kim. Pero o inesperado paso dado por Washington moi seguramente alterará o equilibrio rexional tomando en conta que Trump pareceu dar un aviso persuasivo e disuasivo a China tras este encontro.

Desde comezos de 2018, o presidente chinés Xi Jinping ven impulsando un novo instrumento financeiro, o “petroyuan”, como ferramenta de transacción que permita progresivamente degradar a hexemonía do dólar e dos organismos financeiros internacionais.

O “petroyuan” ven garantido pola potencialidade económica chinesa e as expectativas de mercados de futuro en países con reservas petroleiras como Rusia, Irán e Venezuela. No recente Foro de Boao (8-11 de abril) Xi Jinping reafirmou a visión chinesa de desenvolvemento global, un aspecto que moi probablemente revitalizará a guerra comercial con Occidente.

Este desafío suscitado desde Beijing, unido ao seu flamante proxecto da Nova Ruta da Seda que alterará a ata agora hexemonía económica e xeopolítica occidental a favor de China, persuadiu a Washington a dar curso a unha reacción inmediata. De alí que o bombardeo en Siria e o encontro Pompeo-Kim teñan en mente obstaculizar estes proxectos xeopolíticos, onde China e Rusia teñen amplas expectativas.

O contexto actual anuncia as pretensións de Trump de utilizar simultaneamente o “garrote” militar coa diplomacia secreta

persuasiva. Esta dobre política está principalmente dirixida contra Rusia e China, pero tamén cara outros aliados de Beijing e Moscova, como son os casos de Irán, Turquía, Venezuela e incluso unha Cuba que iniciou este 19 de abril a transición post-castrista pactada a favor do agora presidente do Consello de Estado e de Ministro, Miguel Díaz-Canel.

Con estas ferramentas de “garrote” e de diplomacia secreta e persuasiva, Trump tamén ten en mente os comicios de novembro próximo que renovarán o Congreso e un terzo do Senado, escenario electoral onde o voto hispano é estratéxico e decisivo. Neste ámbito, México, Cuba e Venezuela son escenarios e crises hemisféricas nas que Washington atenderá con especial interese neste 2018 electoral.

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Estados Unidos

ETIQUETAS

Siria diplomacia Corea do Norte Trump

IDIOMA

Galego

INVESTIGACION

Relacións Internacionais

Date Created

Abril 20, 2018

Meta Fields

Autoria : 3713

Datapublicacion : 2018-04-20 00:00:00